



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)

Documentación técnica obrigatoria para solicitudes de axuda para outros proxectos de aforro e eficiencia:

- Memoria técnica do proxecto segundo modelo "Memoria técnica PAE" dispoñible na web do Inega (www.inega.gal).
- Documento denominado "Ficha de consumos PAE" segundo modelo dispoñible na web do Inega (www.inega.gal) no que se relacione o número de factura e o consumo enerxético de todas as facturas (electricidade, gas, fuel óleo, gasóleo,...) do período anual tomado como referencia, así como os datos enerxéticos do proxecto.
- Fotografías da instalación actual.
- Plano de situación das instalacións no establecemento coa distribución dos equipos, en instalacións simples bastará con plano en planta de localización do centro de traballo.
- Características técnicas dos equipos para os que se solicita a axuda fornecidas polo fabricante (catálogo, certificado ou ficha técnica do fabricante) onde se inclúan datos da produtividade do equipo e do seu consumo enerxético.
- No caso de investimentos en eficiencia enerxética non separables, achegar oferta técnica dun proveedor que avale o orzamento dun investimento similar que implique menor eficiencia enerxética e que podería realizarse de forma crible sen subvención (investimento de referencia).

Ademais, tamén se debe entregar a seguinte documentación nos casos que proceda:

- Certificado de ter implantado un Sistema de Xestión Enerxética segundo a norma UNE-EN ISO 50001:2011.
- Memoria técnica adicional para actuacións de renovación de edificios segundo modelo "Memoria técnica funcional edificios PAE" dispoñible na web do Inega (www.inega.gal).
- Folla de características da caldeira, onde deberán estar incluídos os rendementos requiridos.
- Certificado do coeficiente de rendemento (COP/EER) emitido por un laboratorio independente e acreditado para realizar as probas segundo a norma UNE-EN 14511, para os equipos incluídos no ámbito de aplicación da devandita norma (os que non estean incluídos teñen que xustificalo cun informe técnico do fabricante). Para os fabricantes asociados a Eurovent será suficiente con presentar a impresión da parte da base de datos na que figure a combinación unidade exterior-interior para a que se solicita a axuda. Para os equipos con selo de calidade da EPHA (Asociación Europea de Bomba de calor) será suficiente con entregar calquera documento que xustifique que o modelo ten devandito selo en vigor.

- Outra documentación adicional que o interesado considere conveniente

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos

	OPÓÑOME Á CONSULTA
Certificado de alta no Imposto de Actividades Económicas	0
Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT	0
Certificación de estar ao día de pagamento coa Seguridade Social	0
Certificación de estar ao día de pagamento coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia	0
DNI/NIE da persoa solicitante	0
NIF da entidade solicitante	0
Administradores da sociedade, cando se trate dunha persoa xurídica	0
NIF da entidade representante	0
DNI/NIE da persoa representante, cando se trate dunha persoa física	0
Inhabilitación para obter subvencións e axudas	0
Concesión de subvencións e axudas	0
Concesións pola regra de minimis	0

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa:	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento Xeral de Protección de Datos.

